

María Xosé
Agra Romero
(Coord.)

C orpo de muller

Discurso, Poder, Cultura

EDICIONES

laiovento
LAIOVENTO

ENSAIO

En tanto non se consiga
unha necesaria normativa de consenso para a lingua galega,
Edicións Laioveneto continuará a respectar
a opción ortográfica pola que opte cada autor.

Xaneiro, 1997

Este libro non poderá ser reproducido, nin total
nin parcialmente, calquera que sexa o medio empregado,
sen o permiso previo do editor. Reservados todos os dereitos.

© María Xosé Agra Romero (Coordinadora)

© Edicións Laiovenento, S.L.

Rúa do Hórreo, 60 - Apdo. 1072
15702 Santiago de Compostela - Galiza

Capa: Pepe Carreiro

I.S.B.N.: 84-87847-87-0

Depósito Legal: C-181-1997

Impreso por Gráficas Sementeira, S.A. - Noia - Galiza

Impreso en papel ecolóxico

LIMIAR

“...e afundir fondo a cana do pensamento na corrente”

Virginia Woolf

“Así pois, dende este punto de vista, sería bo que perderamos o monopolio de ser o que Kant unha vez ironicamente denominou «pensadores profesionais». Podemos comezar preguntándonos qué significa o pensar para a actividade do actuar. Admitirei algo: basicamente, estou interesada en comprender. Isto é totalmente certo. Admito tamén que hai outra xente que está principalmente interesada en facer algo. Eu non, eu podo vivir perfectamente sen facer nada. Pero non podo vivir sen tratar como mínimo de comprender canto ocorre.”

Hannah Arendt

Un dos grandes retos do feminismo, especialmente dende os anos setenta, foi enfrentarse á tradición teórica e á Academia coma unha consecuencia directa das súas preocupacións e anhelos, da presencia real e activa das mulleres que se interrogan criticamente sobre a súa existencia teórica e práctica, que se preguntan polo seu labor coma suxeitos. Mulleres que pensan, ensinan, escriben, discuten, que teñen que botar man dunha tradición intelectual que as exclúe, que as converte en obxectos, que se topan cunha tradición sexista ou misóxina e na que se esvae ou se fai desaparecer toda pegada deixada polas mulleres. O desenvolvemento do movemento feminista, as loitas das mulleres nestes anos, poñen sobre o tapete cuestións e temas como a maternidade, a sexualidade, o aborto, etc., que esixen, cando menos, a súa consideración e obrigan á súa incorporación ou mesmo á revisión das conceptualizacións tradicionais. Isto adquire, ben se entende, unha enorme importancia no terreo das Ciencias Sociais e da Filosofía.

As mulleres feministas dedicadas á Historia, á Antropoloxía,

á Literatura, á Socioloxía, á Filosofía comezan a examinar a tradición á luz da experiencia práctico-política feminista. Nun primeiro momento reinterpretando, relendo, aplicando a crítica feminista ós textos clásicos, mostrando as contradicções, as inconsistencias, os silencios, as diferentes maneiras de facer invisibles as mulleres e as súas obras. Con non menor interese concéntranse esforzos encamiñados á recuperación da historia e da memoria das mulleres, dos textos excluídos e a incorporación das teóricas do feminismo. Este proceso pon de manifesto o sesgo androcéntrico na historia e no pensamento, que os discursos patriarcais non son modelos neutrais, universais e inquestionables. Mais a crítica feminista non fica ancorada na constatación disto ou na relectura da tradición como xeito de atopar ou xustificar o seu lugar, a súa inclusión ou incorporación. A reinterpretación dos textos clásicos non só ofrece unha comprensión diferente dos textos mesmos, tamén amosan as implicacións respecto das categorías centrais e a armazón conceptual. Trátase, por tanto, de someter a escrutinio e discusión conceptos e categorías fundamentais, os supostos epistemolóxicos e metodolóxicos; quérese avanzar, dito doutro xeito e tomando a suxerente expresión que dá título a un libro, tratase de «entrar, quedar e avanzar». Ou para dicilo con palabras de S. Benhabib e Drucilla Cornell: «Centrándose nas experiencias concretas das mulleres nas diversas culturas, na sociedade e na historia, as teóricas feministas preguntáronse cómo poderían alterar as categorías fundamentais, a metodoloxía e o autoentendemento da ciencia e da teoría occidentais, ese salto de perspectiva que pasa do punto de vista dos homes ó das mulleres»¹.

Xustamente é ese salto de perspectiva, ese adoptar a perspectiva das mulleres –a sabendas de que a presencia non sempre é garantía de visibilidade–, o que mellor reflicte a empresa feminista e que dá conta da reivindicación e afirmación do traballo teórico e a investigación. O compromiso das mulleres coa teoría e coa historia é tanto crítico coma constructivo, isto

1 Seyla BENHABIB e Drucilla CORNELL: *Teoría feminista y teoría crítica*. Valencia, Ediciones Alfons el Magnánim, 1990, p. 9.

é, a mais de entenderse coma un proxecto de oposición e de «desconstrucción» dos discursos patriarcais, tenta desenvolverse coma proxecto positivo, de «reconstrucción», de reconceptualización dos sistemas e os métodos de coñecemento. A neutralidade da categorización, a invisibilidade das mulleres coma obxectos e suxeitos do discurso filosófico, teórico, e o proceso polo que a Filosofía e a Teoría social ou a Ciencia se lexitiman a si mesmas considéranse interrelacionadas e son agora o centro de atención. A interdisciplinariedade aparece, igualmente, coma un elemento positivo e necesario neste proceso reconstructivo, así como o recoñecemento das interrelacións entre as diversas disciplinas: a ontoloxía, a epistemoloxía, a ética ou a política non poden considerarse separadas. O reto, o desafío tanto á teoría coma á Academia é, xa que logo, de bastante envergadura e vai dar os seus froitos. A produción teórica das mulleres desde os anos setenta é abondosa e moi significativa –malia a Academia e a «corrente principal» predominante nos diferentes campos que manteñen certas distancias, ben ignorando, ben relegando a un segundo plano os estudos e investigacións feministas. Esta produción, non obstante, pasenxaamente vai abrindo fondas fisuras e con moito supón unha das vertentes teóricas más ricas dos últimos anos. Pouco a pouco vai gañando espazo e recoñecemento nas universidades, nas publicacións e revistas científicas e especializadas. Non está de máis subliñar que este cometido foi posible non tanto polo esforzo individual, que si houbo e moi importante, como polo esforzo colectivo, pola colaboración das mulleres no traballo teórico, na docencia e na investigación, consonte coa interrogación sobre a súa existencia práctica e teórica. Tampouco pode pasarse por alto o importante dispositivo que deriva daquela consigna do movemento feminista de que «o persoal é político» e que se dirixe dun xeito fundamental a un dos dualismos más relevantes, a saber, Público/Privado, e que logo vai ser obxecto de numerosos estudos e investigacións.

A crítica e a teoría feminista desenvólvense dun xeito plural, diverso e, por suposto, non exento de discusións e debates, nuns casos más fructíferos que outros, pero que contribúen á súa maduración e enriquecemento teórico. Non é o noso ob-

xectivo nestas breves liñas entrar a examinar os debates e os avatares desta experiencia teórica das mulleres, nin facer un relatorio dos problemas, das inercias, das incomprensións ou afondar nas diferentes cuestiós que foron suscitadas ó longo destes anos. Cómpre, sen embargo, incidir no acadado, isto é, nese proceso teórico que parte da posta en cuestión do esencialismo, da afirmación de Simone de Beauvoir de que a muller non nace senón que se fai, da revisión do dualismo Natureza/Cultura e a oposición ós intentos de manter unha concepción estereotipada da muller. Ademais introducícese o concepto de xénero e con el unha nova categoría analítica que proporciona outras vías desde as que pensar, pero que tamén dá lugar a outros interrogantes sobre a construción social e cultural do feminino e o masculino, sobre a identidade, sobre a diferencia sexual; e, máis recentemente, a discusión sobre o esencialismo, entendendo agora por tal o falar coma «mulleres» ou desde a posición privilexiada das mulleres occidentais, examinando as interrelacións entre o xénero, a clase e a raza, a etnicidade ou a orientación sexual, así como a súa capacidade analítica. Debates coma os de igualdade/diferencia ou aqueles derivados da discusión arredor da Modernidade/Posmodernidade son outros elementos importantes a ter en conta para a comprensión deste proceso que, sen lugar a dúbidas, é crítico, pero tamén construtivo, que participa activamente na discusión e configuración dunha nova subxectivididade. Nos últimos vinte anos, pois, as aportacións da teoría feminista, sen constituíren un corpo teórico sistematizado, desde a pluralidade e diversidade que as caracterizan, configuran un importante e suxestivo campo de investigación de grande interese académico e científico.

No contexto do Estado Español as cousas, como é sabido, foron un pouco más lentas; non obstante, a partir de mediados dos oitenta comeza a facerse máis visible o traballo teórico-crítico das mulleres. Neste senso, cómpre salientar a publicación en 1985 de *Hacia una crítica de la razón patriarcal*, de Celia Amorós, que vén ser un punto de referencia fundamental para moitas mulleres dedicadas á Filosofía e as Ciencias Sociais en xeral. Constatase o agrumar de grupos e seminarios de discusión e reflexión nas distintas áreas (Historia, Antropoloxía...),

respondendo á necesidade de incorporar a crítica feminista e de tentar modificar, na medida do posible, os currículos académicos. Neste tempo, un grupo de profesoras e investigadoras da Sección de Filosofía da, daquela, Universidade de Santiago –formado por M^a Xosé Agra, Cristina Caruncho e Beatriz Fernández, da área de Filosofía do Dereito, Moral e Política, M^a Luz Pintos, da área de Filosofía, Nieves Herrero, da área de Antropoloxía e M^a Uxía Rivas, da área de Lóxica e Filosofía da Ciencia, ás que logo se irán incorporando as bolseiras de investigación Hipólita Vilar, Rosa M^a Fernández Sardiña, Ana Celia Rodríguez Buján e Edelia Leis Calvo–, cuns obxectivos non demasiado ambiciosos, propónense examinar as aportacións da teoría feminista á filosofía e á teoría social. Sen demasiadas pretensións, pero quizais coma resposta ó monopolio dos «pensadores profesionais», movidas polo intento de comprenderen canto ocorre, polo pensar e actuar, para expresalo agora botando man das palabras de Hannah Arendt.

O grupo de reflexión e discusión xorde, entón, cun obxectivo común que se cruza ou complementa coas diferentes preocupacións particulares. Partindo da formación e ámbito disciplinar particular, cada unha busca facerse cunha perspectiva teórica, valorando as posibilidades de integración de novos temas que irán xurdindo ou daqueles que, ó fío de lecturas, debates e interese, se querían abordar. Cuns obxectivos sinxelos, pero que, sen embargo, supuxeron unha entrañable e gratificante aventura intelectual, propiciada en grande medida por un clima especial: a amizade e o sabérmonos implicadas, nisto había algo máis, un «plus» vivencial que nos estimulaba a nos embarcar nun proxecto basicamente cooperativo, ó intercambio de perspectivas, á discusión e a todo aquilo que leva consigo o poñer en marcha un proxecto de investigación. Nas moitas tardes que o grupo se reuniu compartimos algo máis que unha aventura intelectual. Ben é certo que non nos faltaron apoios entre os nosos compañeiros, pero, tamén hai que dicilo, houbo quen pensou que era unha forma de entretenimento e que, por suposto, nada tiña que ver coa Academia e coa Filosofía. Tampouco nos faltaron apoios institucionais, primeiro da Universidade de Santiago, que nos concedeu o Pro-

xecto de Investigación *Mulleres: discurso, poder, cultura. Aportacións recentes da teoría feminista á Filosofía e á Teoría Social*, na Convocatoria de Equipos en Formación no ano 1989 e en 1992 a Xunta de Galicia na convocatoria de Proxectos de Investigación. O apoio institucional permitiuños dispoñer de medios propios, facernos con material bibliográfico e poder coñecer o que estaban a facer outras investigadoras e grupos de investigación doutras universidades. O noso agradecemento tamén á Aula Castelao de Filosofía de Pontevedra, organizadora das Semanas Galegas de Filosofía, que nos prestou o seu apoio como grupo de investigación, participando como tal grupo e invitando a outras investigadoras como Celia Amorós, Lourdes Méndez ou Carmen Blanco nos comezos da nosa andadura, e por mostrar interese por estas cuestións. Non queremos deixar pasar a ocasión de agradecer públicamente a Celia Amorós o seu apoio –desde o principio alentounos a levar adiante o proxecto– e así mesmo manifestar o noso recoñecemento ó seu labor. Por último, o noso agradecemento ten que facerse extensible ás alumnas e alumnos que non só nos tiveron que escoitar, senón que tamén nos souberon entender.

Os textos recollidos neste volume son en boa medida resultado das actividades levadas a cabo polo equipo de investigación que veu funcionando dende o ano 1989. Unha parte dos textos corresponden ás investigadoras deste proxecto, son os artigos de M^a Luz Pintos, Cristina Caruncho e Purificación Mayobre, Beatriz Fernández Herrero e M^a Xosé Agra. Os artigos de Rosa Cobo, M^a Luisa Femenías, Raquel Osborne e Alicia Puleo recollen a valiosa contribución das investigadoras que participaron nalgunhas das sesións do seminario do grupo de investigación e que sen a súa aportación o noso proxecto ficaría aillado, sen conexión. *Corpo de muller* é, pois, parte do esforzo común por comprender o que ocorre e responde tamén ás distintas perspectivas e enfoques de cada unha das que nel colaboran.

M^a Xosé Agra